

REGULAMENTO DA REDE DE CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURAIS E DO SEU CONSELLO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

PREÁMBULO

Os centros e locais socioculturais son equipamentos públicos, de titularidade municipal ou asociativa, cun certo nivel de integración e polivalencia que actúan no ámbito da proximidade para a prestación de servizos persoais de calidade.

Os centros e locais socioculturais de Compostela estrutúranse nunha rede de equipamentos cun concepto estratéxico definido que identifica e relaciona aos diferentes centros, favorecendo a actividade singular de cada un deles e, ao mesmo tempo, procurando que teñan en conta a actividade dos outros de xeito que tamén haxa unha programación e servizos en rede que sirvan de complemento e reforzo á programación e servizos propios de cada centro.

A intervención principal da Rede de Centros e Locais Socioculturais desenvólvese nos ámbitos profesionais da participación e da educación social, actuando a partir do deseño e desenvolvemento de servizos e proxectos nos marcos da acción sociocultural, a difusión e a creación cultural, a educación permanente, a dinamización dixital e o desenvolvemento da acción sociocomunitaria.

A Rede de Centros e Locais Socioculturais ofrécese como un conxunto de equipamentos abertos, plurais e accesíbeis á cidadanía e ás súas expresións organizadas como medio para o desenvolvemento das relacións interpersoais, con fórmulas e propostas para a práctica dun lecer creativo e con recursos e oportunidades para fomentar a participación cidadá activa.

A configuración da Rede de Centros e Locais Socioculturais é un proceso dinámico, aberto á incorporación de novos centros/locales e ás iniciativas da cidadanía.

Esta Rede precisa dunha regulamentación que defina e ordene a súa estrutura, características e servizo, facilite o seu funcionamento e garanta a participación da cidadanía, para o que se articula o seguinte regulamento.

1. NATUREZA, FUNCIÓN, CARACTERÍSTICAS E TIPOLOGÍA DOS CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURAIS

Artigo 1º

1. Os centros e locais socioculturais son equipamentos de servizo público de titularidade municipal destinados a promover o desenvolvemento integral da persoa, fomentar a convivencia e incrementar a participación da veciñanza na vida da cidade e do barrio,



mediante o apoio ao asociacionismo, a prestación de servizos públicos e o desenvolvemento de actividades culturais e sociocomunitarias.

2. O Concello pode acordar con asociacións veciñais ou outros colectivos cidadáns desenvolver de maneira conjunta, tanto nos centros e locais da Rede como noutros equipamentos, servizos, programas e actividades propias da Rede de Centros e Locais Socioculturais que contribúan ao cumprimento dos obxectivos das políticas públicas de dinamización sociocultural e desenvolvemento comunitario e que incidan na mellora da calidade de vida dos veciños desa zona.
3. Nos centros e locais socioculturais, ademais dos servizos propios, poden prestarse tamén outros servizos municipais á ciudadanía de acordo coas posibilidades dos respectivos departamentos municipais e coas demandas das entidades sociais da zona.
4. Os centros e locais socioculturais estarán abertos e ao servizo de toda a ciudadanía e, de maneira especial, ao da parroquia ou barrio onde estean situados. Todo/a veciño/a poderá facer uso dos centros e locais socioculturais da rede municipal, non só dos da súa área de referencia.

Artigo 2º

Serán funcións dos centros e locais socioculturais as seguintes:

1. Dotar á ciudadanía dun espazo e duns recursos humanos e materiais que permitan o desenvolvemento de actividades, de maneira individual e colectiva, dirixidas a cubrir as necesidades nos ámbitos da estruturación e o desenvolvemento comunitario, da comunicación, da información, da aprendizaxe, do lecer e da creación e difusión cultural.
2. Racionalizar a oferta de servizos e actividades no territorio en que están situados, evitando a dispersión e a duplicitade e procurando a optimización dos medios humanos e materiais existentes.
3. Xerar hábitos culturais e participativos nos diferentes territorios da cidade, creando novos públicos.
4. A prestación da infraestrutura e dos recursos necesarios para a realización das actividades polas entidades e grupos interesados. Non obstante, ningunha destas entidades ou grupos poderán ter o seu domicilio social xurídico nos centros e locais socioculturais municipais.

Artigo 3º

1. Atendendo ás características sociodemográficas das zonas de actuación, aos servizos mínimos que presta, ás características físicas dos espazos e á dotación de medios humanos e materiais, os centros e locais socioculturais estrutúranse segundo a tipoloxía e organización territorial que se detalla no anexo I. No momento da aprobación deste regulamento, os centros e locais que pertencen a cada tipo e a súa estruturación territorial son os relacionados no anexo II (XGL 15/09/2009). A tipoloxía e a zona á que pertence cada centro ou local poderá ser modificada por acordo da Xunta de Goberno Local sen que iso implique modificación deste regulamento.

2. AS COMISIÓNNS DE CENTRO E O CONSELLO DE CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURAIS

Artigo 4º

1. Nos centros e locais socioculturais constituiranse Comisións de Centro, concibidas como órganos de carácter consultivo, coa función de establecer canles de diálogo e cooperación entre a Concellaría de Centros Socioculturais e as entidades asociativas presentes no seu ámbito territorial co fin de coordinar a súa actuación e o funcionamento destes equipamentos.
2. Fomarán parte da Comisión de Centro:
 - a. A/O Concelleira/p Delegada/o de Centros Socioculturais ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
 - a. Todas as entidades asociativas cuxo ámbito territorial coincida co do CSC (asociacións de barrio ou parroquia) e as que sexan usuarias habituais do CSC. Cada asociación poderá enviar un representante á Comisión de Centro, sen que se estableza un límite ao número total de membros do organismo. Os representantes das asociacións acreditaranse mediante unha certificación do acordo do órgano de dirección a que corresponda o seu nomeamento e poderán ser substituídos cando as entidades así o decidan presentando igualmente a certificación antedita.
 - b. Os técnicos socioculturais municipais do Departamento de Centros Socioculturais que desenvolvan o seu traballo no CSC. Tamén poderán formar parte os técnicos doutros departamentos municipais que desenvolvan programas no centro ou na súa contorna.
3. A constitución da Comisión de Centro producirase a instancias do Concello ou por pedimento dun mínimo de catro asociacións que reúnan os requisitos sinalados no artigo 4.2.b.
4. Cada unha das Comisións de Centro poderá elixir un representante no Consello Municipal de Centros e Locais Socioculturais.
5. O réxime de funcionamento das Comisións de Centro será establecido no seu seo. Da súa constitución darase conta nunha proposta que recolla tamén a elección dun representante social no Consello Municipal de Centros e Locais Socioculturais"

Artigo 5º

1. O Consello Municipal de Centros e Locais estará formado polos seguintes membros:
 - a) O/a concelleiro/a delegado de Centros Socioculturais que, por delegación da Alcaldía, actuará como presidente/a.
 - b) O/a concelleiro/a delegado de Cultura.
 - c) Un representante por cada un dos grupos municipais
 - d) O/a xefe/a de servizos de Centros e Locais Socioculturais
 - e) O/a director/a de Centros e Locais Socioculturais
 - f) Os/as técnicos/as responsábeis de cada unha das áreas territoriais da Rede de Centros e Locais Socioculturais



g) Os/as representantes territoriais das entidades asociativas que correspondan en base á constitución de Comisións de Centro.

h) Unha traballador municipal que exercerá como secretario/a, con voz e sen voto.

Unha vez realizadas as propostas de cada unha das representacións, elevaranse ao Pleno municipal para a súa ratificación.

1. Cada catro anos renovarase a elección de representantes territoriais das entidades asociativas que forman parte do Consello. Igualmente, producirase a renovación dos representantes municipais ao se renovar a Corporación municipal.

Artigo 6º

1. Son funcións do Consello de Centros e Locais Socioculturais:
 - a) Asesorar sobre as liñas de actuación da rede de centros e locais socioculturais e coordinar o calendario de programación e funcionamento.
 - b) Velar pola boa prestación dos servizos do Concello nos centros e locais socioculturais e polo seu correcto funcionamento.
 - c) Facilitar a utilización dos recursos dos centros socioculturais por parte da cidadanía, dos grupos e das entidades de cada barrio ou parroquia, de acordo co establecido neste regulamento.
 - d) Redactar e aprobar a memoria anual e presentala ao Concello.

Artigo 7º

1. O Consello Municipal de Centros e Locais Socioculturais reunirase, de forma ordinaria, cada seis meses e, de forma extraordinaria, cando se considere necesario.
2. O Consello considerarase reunido cando, en primeira convocatoria, estean presentes a metade máis un dos seus membros, e os acordos tomaranse por maioría absoluta dos/as presentes. En segunda convocatoria o quórum requirido será dun terzo dos seus membros.
3. O Consello será convocado polo presidente por iniciativa propia ou por pedimento dun terzo dos seus membros.
4. No seo do Consello poderán constituírse grupos de traballo ou comisións para o cumprimento dos seus obxectivos.

3. DEREITOS DAS ENTIDADES

Artigo 8º

As entidades sen ánimo de lucro, que teñan o seu marco territorial de actuación no municipio de Santiago e estean inscritas no correspondente Rexistro Xeral do Concello de Santiago poderán propor ao Concello os programas de actividades que consideren convenientes para realizar nos centros e locais socioculturais, procurando que esta proposta sexa presentada coa suficiente

antelación para a súa integración co conxunto das actividades do(s) centro(s). Estas propostas serán analizadas e dictaminadas nas Comisións de Centro e/ou no Consello de Centros, en función do seu ámbito, e de se considerar oportuno proporanse para a súa inclusión nos programas municipais.

Artigo 9º

Os centros e locais socioculturais disporán dun rexistro das asociacións que fan uso das súas instalacións. No citado rexistro, as entidades e asociacións indicarán o ámbito territorial das súas actividades.

Artigo 10º

1. Os centros e locais socioculturais como dependencias dun ben de dominio público e dun servizo público, só poderán utilizarse para actividades concordantes coa natureza do ben de que se trate.
2. En consecuencia, poderán facer uso dos espazos dun centro/local sociocultural entidades, persoas ou grupos sen ánimo de lucro, logo da correspondente solicitude dirixida ao Concello e cursada a través do rexistro correspondente. De ser a primeira vez que realizan a solicitude, achegarán unha fotocopia dos estatutos e acta de constitución da asociación.

Artigo 11º

1. Para solicitar unha cesión de salas dun centro/local sociocultural, deberanse cumplir as seguintes normas de uso:
 - a. Pedimento previo da sala, cunha semana de antelación como mínimo, cubrindo o modelo existente para o caso.
 - b. Designar unha persoa que se faga responsábel do bo uso da sala.
 - c. En caso de danos motivados por unha incorrecta utilización, a persoa responsábel farase cargo dos gastos derivados da súa reparación.
 - d. Nos casos excepcionais en que un/unha menor solicite un espazo, o/a pai/nai, tutor/a ou profesor/a deberá achegar á solicitude unha autorización que informe do seu coñecemento e aceptación da actividade.
 - e. O/a entidade solicitante será responsábel do uso que se fai da sala coidará de que ao finalizar a actividade, a sala quede nas mesmas condicións en que estaba ao seu inicio.
 - f. Está prohibido realizar actividades que poidan supoñer un perigo físico, tanto para os integrantes do propio grupo, como para o resto das persoas presentes no centro, así como contra as estruturas do centro.
 - g. O incumprimento da normativa anterior supón a imposibilidade de volver usar as salas dos centros.



Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais



REDE MUNICIPAL
DE CENTROS
SOCIOCULTURAIS

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Consonte o calendario que se determine o decreto de convocatoria do proceso e, como máximo no prazo de doce meses desde a entrada en vigor deste regulamento, constituirase, cando menos, unha comisión en cada un dos centros cabeceira da rede.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa aprobación deste Regulamento quedan derrogada a normativa e regulamentos anteriores.

ANEXO I

TIPOLOXÍA	Servizos		Centros	
CSC-1 (todos os servizos completos máis cabeceira de área)	Dirección			
	Administración			
	Conserxería			
	Limpeza			
	Mantenemento-dotación material			
	Animación sociocultural	Biblioteca		
		Ludoteca		
		Aula TIC		
		Espazo interxeracional		
		Obradoiros		
	Programación sociocultural	Propia		
		Programación da Rede		
TIPOLOXÍA	Servizos		Centros	
CSC-2 (case todos os servizos e con limitacións más cabeceiras de área)	Dirección			
	Administración			
	Conserxería			
	Limpeza			
	Mantenemento-dotación material			
	Animación sociocultural	Biblioteca só préstamo		
		Ludoteca (10 h/semana)		
		Aula TIC (10 h semana)		
		Espazo interxeracional		
		Obradoiros		
	Programación sociocultural	Propia		
		Programación da Rede		
TIPOLOXÍA	Servizos		Centros	
LSC-1 (Apertura 12 horas á semana)	Limpeza			
	Mantenemento-dotación material			
	Programación sociocultural	Aula TIC		
		Obradoiros		
		Das asociacións		
		Programación da Rede		

TIPOLOXÍA	Servizos	Centros
LSC-2 (Apertura 6 horas á semana)	Limpeza Mantenemento-dotación material	As Cancelas Casa Agraria Enfesta Grixoa Marantes Guadalupe San Lourenzo Almáciga Romanío Figueiras Laraño O Eixo Pontepedriña Sar Casco Histórico S. Ctna. Fecha
	Aula TIC Obradoiros	
	Programación sociocultural	Das asociacións Programación da Rede

TIPOLOXÍA	Servizos	Centros
LSC-3	Limpeza Programación sociocultural	Cesar Nemenzo Lamascal Peregrina Busto Verdía Aríns Carballal San Pedro Viso C Quiroga Bando Lavacolla Bañas de Andrés Guadalupe Vista Alegre

ANEXO II

DISTRIBUCIÓN DE TERRITORIAL

ZONA A	ZONA B	ZONA C	ZONA D	ZONA E (LSC 2 RURAIS)
CSC VITE	CSC AS FONTIÑAS	CSC CONXO	CSC CASTIÑEIRIÑO	CSC ENSANCHE
CSC CASA AGRARIA	CSC A TRISCA	CSC A ROCHA	CSC PONTEPEDRIÑA	LSC LAMASCAL
LSC VISTA ALEGRE	LSC BANDO	CSC VIDAN	LSC CARDEAL QUIROGA	LSC MARANTES
LSC ROMAÑO	LSC AS CANCELAS	LSC A CHOUPANA	CSC MARROZOS	LSC A PEREGRINA
CSC A GRACIA	LSC LAVACOLLA	LSC LARAÑO	LSC O EIXO- BORNAIS	LSC BUSTO
LSC ALMACIGA	LSC AMIO	CSC VILLESTRO	LSC ARINS	LSC NEMENZO
LSC BRAÑAS D ANDRES	LSC VISO	LSC FIGUEIRAS	LSC SAR	LSC GRIXOA
CSC STA. CRISTINA DE FECHA	LSC CASCO HISTORICO	LSC S. LOURENZO		LSC VERDIA
LSC GUADALUPE	LSC SAN PEDRO			LSC A ENFESTA
				LSC CESAR
				LSC S. XULIAN DE CARBALLAL